



Mala sorte para a participación galega en Macedo de Cavaleiros

Do 29 de xaneiro ao 1 de febreiro tivo lugar en Macedo de Cavaleiros (Portugal) a XV Festa dos Caçadores do Norte, que cada ano congrega aos cazadores do país veciño xunto con moitos cazadores galegos e de outros moitos puntos de España.

Entre as múltiples actividades da festa, destacaba o IV Premio Galaico-Portugués de San Huberto, que contaba cunha ampla representación galega, tanto no apartado dos participantes coma no dos xuíces da proba.



Sen embargo os nosos representantes non contaron nesta ocasión con demasiada fortuna e así non acadaron ningún posto destacable na proba, que foi conquistada por Manuel Agonía co E.B.M. "Tislo", quedando no segundo posto Cipriano Hernández co S.I.M. "Sirio".

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com